


Investigamos a tradición popular e patrimonio cultural en Budiño





A importancia de transmitir a tradición e o patrimonio cultural

- Porque o saber popular e a tradición foron acumulados polos nosos devanceiros e son a nosa herdanza.
- Porque axudan a comprender a realidade e enriquecen a nosa visión do mundo.
- Porque fai a cada pobo único.
- Porque é de xustiza.
- Para guiar o bo sentido na toma de decisións futuras.

ONDE ESTAMOS

- BUDIÑO é a máis extensa parroquia do concello de O Porriño e supera os 2000 habitantes. É coñecida no mundo enteiro polas súas canteiras de granito de grande calidade, pero, como veremos, Budiño é moito máis que granito.
- O noso colexio, o Ceip da Cruz, atópase nas faldas do Faro de Budiño, emblemático outeiro e como veremos, importante sitio arqueolóxico.




CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

COLEXIO EDUC. INF. E PRIM. CRUZ-BUDIÑO



As Gándaras de Budiño

- En Budiño hai presenza humana dende o Paleolítico. O xacemento arqueolóxico das **Gándaras de Budiño** é dos que presenta pezas de maior antigüidade e diversidade en Galiza e foi dos primeiros xacementos en seren estudados con técnicas modernas polos arqueólogos.
- As Gándaras representan, malia á presión inxustificable do polígono industrial, **un dos humidais máis importantes de Galiza**, por ser onde crían e se alimentan algunhas importantes especies animais protexidas.

A photograph of a lush forest. In the foreground, there are large, vibrant green ferns. To the left, a thick tree trunk is covered in moss. The background is filled with dense green foliage and trees, with sunlight filtering through the canopy.

Nos bosques de ribeira, nas terras inundadas e nos arredores das lagoas medran ben árbores e arbustos de especies asociadas á auga como os salgueiros, amieiras, freixos, sabugueiros, sanguíños e carballos. Na auga e nas beiras atópanse carrizos, espadainas, oucas, trevo de auga, menta de auga, fentos, reinas, adelfiñas, lentellas de auga, utricularia, ambroíño, espiga de auga, platanaria, rorela, xuncos...

A fauna máis representativa son as aves acuáticas: somorgullos pequenos, lavancos, charnecos, demos negros, rascóns, galiñolas, avefrías, liorteiros, biluricos, picapeixes, lavandeiras. Na lagoa da Gándara crían os alavancos (*Anas platyrhynchos*) a garza pequena (*Ixobrychus minutus*), o charneco (*Anas crecca*) que ten aquí o único lugar de nidificación habitual da Península, e, esporadicamente, a cegoña.

Tamén é importante a representación de réptis (sapoconcho común, escáncer, cobra de colar...), anfibios (saramaganta, ra verde e patilonga, estroza, limpafontes...) e insectos.



O sapoconcho riscado (*Mauremys leprosa*) ten nas Gándaras de Budiño unha das escasas poboacións de Galicia.

As Barreiras

- Teñen a súa orixe na extracción de arxilas e caolín para seren empregadas logo nas fábricas de cerámica.
- Pola natureza impermeable do sustrato, rematan sendo grandes cúmulos de auga e, co tempo, rematan sendo auténticos reservorios dunha fauna e flora moi ameazados e, en concreto, de especies que ocupaban orixinariamente lagoas e encharcamentos presentes no val.

**Lagoa de orixe
antrópica formada
nos ocos deixados
polas explotacións
de arxila.**



Algúns exemplos de restos arqueolóxicos das Gándaras...



- Os restos arqueolóxicos atopados nas Gándaras atópanse repartidas entre o Museo municipal de Vigo e o Provincial de Pontevedra. É dos xacementos arqueolóxicos máis importantes.

O Faro de Budiño

- Trátase dunha atalaia natural, que, á par da antiga fortaleza de Cans e do Monte Aloia, mira fronte a fronte á Serra do Galiñeiro e , xunto con elas, enmarca o val no que se asenta a vila de Budiño. Trátase dun dos lugares favoritos dos escaladores, polas espectaculares caídas dos seus penedos.
- No Monte Faro hai restos arqueolóxicos sen catalogar nin protexer polas autoridades e que consisten nos restos dun castro prerromano e dunha antiga fortaleza de época medieval con finalidade seguramente defensiva.





Restos do castro prerromano do Monte Faro




O Catabún: a nosa pedra de abalar

- Todos en Budiño coñecen con este nome a unha pedra situada no interior dunha das furnas do penedo máis alto e grande do Monte Faro.
- O Catabún, segundo conta a tradición, servíu no pasado de forma de comunicación no Val da Louriña para avisar aos seus habitantes dalgún inminente perigo. Como, cando e por quen sería esta pedra de abalar accionada, seguen a ser incógnitas.

Visitamos o Catabún... con guía!!!



C:\Users\Esther\Pictures\Subida ó Faro\MVI_5852.MOV



Cóntase que alguén, canso de escoitar o Catabún abalarse por si mesmo nas noites de trebón, subíu ao Monte Faro e púxolle fin a este penedo musical rompendo unha parte da rocha.

Tamén se conta que en realidade foron as autoridades franquistas as que esnaquizaron o Catabún, por servírense del os “escapados” que andaban polo monte para avisarse uns aos outros do perigo...

A Cova dos Nenos

- A Cova dos Nenos sitúase no Monte Faro e é un dos lugares máis suxerentes de cantos alí hai porque se trata dunha verdadeira cova, con fornelos escavados nas paredes interiores e con canles no chan, como se alguén quixese facer dela un lugar máis “habitabile”.
- Por falta de investigación oficial, só podemos elucubrar coa posibilidade de que a oquedade fose utilizada polos nosos antepasados para refuxiarse das inclemencias do tempo e, quen sabe, se cadra, para vivir...

Entramos na Cova dos Nenos...



Ramos, espadanas e andores



- Cada ano un dos barrios de Budiño encárgase da elaboración de ramos, espadanas e andores, obras de arte popular que teñen a feitura de estandarte, e que simbolizan ofrendas para o santo.

Unha tradición antiquísima en Budiño

- En febreiro, cada ano, celebramos festas en honra a San Brais, que, pese a non ser o patrón de Budiño, é un santo moi venerado e os seus festexos son os máis importantes da parroquia.
- San Brais morreu decapitado no 316 d.c. polos romanos, logo de ser martirizado. Conta a lenda que nunha ocasión salvou a vida dun neno que se estaba axfisiando cunha espiña. Daí ven o costume de bendicir as gargantas no día da súa festividade, o 3 de febreiro.

Visitamos a capela na que se garda a San Brais...



...e fixámonos nos detalles!





“Para San Brais todo é pouco!”

- **Espadanas:** son triangulares e van forradas con tela. Os adornos que se lles poñen son flores, bonecas e roscóns, que logo serán repartidos entre os veciños.
- **Andores:** O estandarte principal é o “andor”, que ten forma piramidal, montado sobre unha base de cañas. Adornado con flores, telas, fitas de raso, espellos...
- **Ramos:** Son ramos de loureiro adornados con moitas flores, fitas de cores, bonecas, etc.

Como di a cantiga...




*“Si vas a San Blas
Traime un San
Blasiño
Que non sea grande
Nin moi pequeniño”*

Luís Carregal Peón e a Cooperativa Agrícola Escolar

- Entre 1932 e 1936, en Budiño levouse a cabo unha experiencia revolucionaria no mundo do ensino. Da man do mestre D. Luís Carregal Peón, fundouse a Cooperativa Agrícola Escolar.
- A súa acción pedagóxica centrouse non só en ensinar aos nenos de Budiño os coñecementos considerados básicos, senón tamén en dotalos dun saber máis profundo e científico sobre o traballo no mundo do agro, para que o sector primario contase con traballadores cualificados, dado que era nel onde os rapaces ían traballar.

A escola de D. Luís Carregal é hoxendía o noso colexo de infantil.



A Casa de Budiño



Unha mostra de arquitectura pacega en Budiño

- Atópase no barrio do Toural e funde as súas orixes no 1610, cando o Señor de Pegullal, D. Lorenzo Correa Alemparte, fundou un morgado sobre esta Casona e outras propiedades.
- Esta casa contén os elementos propios dun Pazo agrícola; aínda conserva a escalinata principal e os escudos dos seus fundadores
- Sen dúbida, é un dos edificios históricos arredor dos cales máis se ten fabulado...

C:\Users\Esther\Documents\Traballo Patrimonio In

Fixémoslle fotos...



Os nosos Cruceiros

- Os cruceiros son unha das máis típicas formas de arquitectura popular.
- Xunto coa rexión francesa da Bretaña, Galiza é dos lugares máis abondosos neste tipo de pezas. Castelao mesmo adicou a este tema todo un libro!!!
- Os cruceiros de Budiño non son moi ricos en ornamentación, pero si hai abondosas mostras.
- A conservación dos nosos cruceiros é un tema aparte. Para mostra, velaquí as fotos:

Fixemos un safari fotográfico...



...e descubrimos que había más dos que pensábamos...



A Cooperativa Agraria de Budiño



Historia da revolución agraria frustrada

- A Cooperativa Agraria de Budiño fundouse no 1930, enmarcada na Reforma Agraria levada a cabo en tempos da República.
- A construción do edificio da Cooperativa foi costeada polos socios fundadores e por dúas sociedades de emigrantes de Budiño en Arxentina.
- Converteuse en local social de Budiño e serviu de centro de reunión das persoas con mentalidade máis progresista.

...pero veu a Guerra Civil e...

- Co inicio da Guerra Civil, os inimigos das ideas progresistas fixéronse co local da Cooperativa.
- Durante anos o edificio foi utilizado por unha persoa particular e mesmo houbo un intento nos anos 70 de relanzar o cooperativismo agrario pero desta volta tampouco este intento foi adiante.
- O local da cooperativa foi vendido de xeito irregular a un veciño da parroquia e hoxe é o Bar Juventud.



Televés

SECURIPOL
TEL: 0358 252 252


BYC

BYC

Muíños

- Os muíños tradicionais, accionados pola forza da auga dos ríos, foron fundamentais no pasado, para obter as fariñas cas que logo se elaboraría o pan.
- A súa construción costeábaa o pobo e o seu uso tamén era comunitario.
- Trátase normalmente dun edificio de pedra que acolle dentro a complexa maquinaria que transformará o gran en fariña...
- En Budiño tamén temos mostras, anque, unha vez máis, algunhas podían estar mellor conservadas...

Safari de muíños... e as súas partes



Sabedoría popular: Cantigas

*“Arriba cuxo, que é noite,
busca pousada con día,
que os cuxos da miña
terra,
búscana ó mediodía.”*



“Eu quería-me casareeee...”



*“Eu quería-me casare,
miña nai dime que é
cedo,*

*como ela xa está
casada,*

*non sabe a presa
que eu teño.”*

“Arrimeime ó pino verdeeee...”



“Arrimeime ó pino verde por ver se me consolaba.

Como o pino era verde en vez de reír lloraba.

Polo río abaixo vai unha raposa,

vai co cu abertoo, non hai quen llo cosa..”

Ditos populares

*“Abril frío, fornos
quentes: alegría pós
meus dentes”.*



“Nas noites de esfollada”



“O que vale Budiño.”



“Home tonto, can rabelo...”



“Se queres ter o home san...”



“Xa fun a Marín...”



“Polo San Pedro da Cuadrela...”



As idades do home

